




O CINE CLÁSICO: ALFRED HITCHCOCK



Intres

69

Xuño 2007

agochado debaixo dunha mesa preparado para atacalo.

Un dos aspectos máis famosos das películas de Hitchcock eran os seus cameos, é dicir, cando o propio Hitchcock sae nas súas propias películas como un personaxe sen relevancia que pode chegar a verse arredor de cinco segundos en todo o filme. Nas súas primeiras películas, realizaba os cameos en calquera punto, pero decatouse de que, se o facía cara o final, a xente estaba pendente de velo, así que comezou a facer os cameos no comezo dos filmes.

Hitchcock sempre tiña unha idea moi clara de como

ía ser o resultado final dos seus filmes, de xeito que as rodaxes eran moi aburridas para el. Interesáballe máis a técnica da narración das historias ca as propias historias. Ao longo da súa carreira, participaron nos seus filmes un gran grupo de actores e actrices, pero contratou principalmente a Cary Grant e a James Stewart como actores e a Bergman e Joan Fontaine como actrices.

En principio, e coma moita xente nova, sentía prexuizos ante estas películas, pero dende que vin unha deime conta da súa extraordinaria calidade, moi difícil de atopar nos filmes actuais.

O CINE CLÁSICO: ALFRED HITCHCOCK

Coa morte nos talóns (North by northwest)

Coa morte nos talóns é un dos meus filmes favoritos de Alfred Hitchcock porque combina suspense cun toque de humor.


Cary Grant interpreta un publicista Neiorquino chamado Roger Thornill. Este personaxe é confundido por uns axentes inimigos como o espía George Kaplan, que en realidade non existe pero que foi creado pola Axencia de Intelixencia para facer de tapadeira e ocultar o verdadeiro espía.

O personaxe é conducido a unha casa na que coñece o xefe da organización. Ninguén o cre cando di que el non é o tal Kaplan, así que o emborrachan e o meten nun coche para que teña un accidente. Thornill consegue escapar conducindo borracho dos malfatores que o estaban perseguindo porque atopa uns policías. O problema é que estes non chegaron a ver o outro coche, polo que levaron a Roger á comisaría

detido por conducir baixo os efectos do alcol. Para demostrar a súa inocencia, vai buscar o dono da casa que se atopa na ONU, pero ao velo decátase de que ese home era completamente distinto ao que o retivo. Por se non fose suficiente, a este home apuñálanos polas costas. Cando Thornill pretende axudarlle, atópase de súpeto agarrando o coitelo polo que cargan nel toda a culpa do asasinato.

Para conseguir demostrar a súa inocencia, Roger ten que atopar ao verdadeiro Kaplan así que, a partir de aquí, comeza unha longa serie de aventuras. Nunha viaxe en tren coñece a unha muller chamada Eve Kendall (Eva Marie Saint), que lle ofrece axuda. Ambos se atraen pero acaba por descubrir que ela é unha espía de Vandamm, o home que controlaba a organización. Entón, durante unha poxa, atrápaos a policía e os xefes da Axencia de Intelixencia cóntalle o sucedido e acláranlle que Eve Kendall é unha infiltrada na banda da axencia.

Deciden facer unha montaxe nun bar no monte Rushmore, en Estados Unidos, onde están esculpidas as caras de catro famosos presidentes estadounidenses. Eve finxe dispararlle a



Roger diante de Vandamm para recuperar a súa confianza e así Roger poder recuperar a súa antiga vida, pero máis adiante Roger descobre que as intencións da axencia eran escapar do país e que non volvería ver a Eve, así que decide ir á mansión de Vandamm no monte Rushmore para evitar que suba ao avión. Mentres Eve está no seu cuarto facendo as malletas, Roger Thornill ve como Vandamm e máis un dos seus secuaces descubren a arma coa que se finxiu o disparo, unha pistola de fogueo, así que Roger debe avisar axiña a Eve de que a súa vida corre perigo. Xuntos comezan un descenso polo monte Rushmore, mentres son perseguidos polos secuaces de Vandamm, que acaban caendo das cabezas dos presidentes. Ao terse feito na mansión de Vandamm cun microfilme, que era o que buscaba a axencia, ambos poden ser libres e casar para vivir a súa propia vida.

DAVID MÉNDEZ MARTÍNEZ, S3C

